


CELEBRACIÓN EN OS COTOS

15-16 de febreiro do 2025

VI ORDINARIO C



Os COTOS COA IGUALDADE VERDADEIRA DAS PERSOAS,
COS POBOS QUE SOFREN INXUSTIZA E ABANDONO,
COS REFUXIADOS E MARXINADOS DA SOCIEDADE,
COA NATUREZA MALTRATADA,
E SEMPRE SEMENTANDO PAZ



1.- ENCONTRO DA COMUNIDADE

(tod@s de pé)

@ monitor/a está na sé

SAÚDO DE BENVIDA

🎵 *nº 3 Unha xuntanza de amor*

Celebrante:

Benvidos sexamos todos a esta celebración. Reunímonos para compartir en comunidade a nosa fe no nome do Pai e do Fillo e do Espírito Santo.

Onde busca a felicidade hoxe o noso mundo: no ter ou no compartir?, no poder ou no servir?, na vinganza ou na misericordia?, no aparentar ou na sinceridade?, no presumir ou na humildade?.

Detrás deste dilema está a proposta de felicidade de Xesús. El non se contenta co que mira ao seu arredor, e soña con un mundo ben diferente.

Nós, queremos ser felices?.

A proposta de Xesús é que o sexamos no camiño das benaventuranzas. Unha felicidade que medra no corazón cando somos capaces de compartir, cando loitamos pola xustiza e a igualdade, cando facemos a paz, cando sufrimos con quen sofre, cando somos capaces de perdoar e acoller. Este foi o xeito de vivir de Xesús para ser feliz. Compartámolo e fagámolo noso.

ACTO PENITENCIAL

Celebrante: *Miremos agora nós a vida dende os ollos de Deus, e seguro que todos os esforzos por ser benaventurados e felices van valer a pena. O noso pedir perdón vai da man destes compromisos, porque queremos facelo mellor:*

Monitor/a

✓ Ás veces, na vida, parece que a felicidade só está no ter e acaparar cousas. Comprometémonos cos esforzos de compartir?.

SI, COMPROMETÉMONOS

✓ Ás veces, na vida, parece que só nos fixamos na xente que vive ben. Comprometémonos a estar á beira dos pobres, dos que choran, dos que o están pasando mal?.

SI, COMPROMETÉMONOS

✓ Ás veces, na vida, parece que todo se trata de competir para ter éxito e ser máis que os demais. Comprometémonos a vivir na sinxeleza e na igualdade?.

SI, COMPROMETÉMONOS

Celebrante: *Deus, Pai agarimoso, ten piedade de nós, dos que teñen un lugar na nosa vida, e dos que esperan unha man benaventurada á súa beira. A todos, o Señor, nos concede o perdón e confiamos nos leva á vida eterna. Amén.*

ORACIÓN PROPIA DO DÍA

Celebrante: *Rematamos a primeira parte da celebración presentando no silencio o que rebule no noso interior. Facémolo hoxe desexando sermos felices e benaventurados coma Xesús.*
(silenzio)

Celebrante:

Deus, noso Pai, ti que governas o ceo e maila terra, escoita con bondade as súplicas deste teu pobo, concédenos a unidade e maila paz, e dános forza para facer realidade o xeito de vivir das benaventuranzas.

Pedímoscho por El, teu Fillo e noso Irmán, que vive e reina por sempre eternamente. Amén.

2.- PROCLAMACIÓN DA PALABRA DE DEUS

(sentad@s) a palabra de Deus proclámase dende o ambón

Celebrante: *Ser felices é importante, pero non todo vale para ser felices.*

Quen é máis feliz, o egoísta ou o que comparte o que ten?

Quen é máis feliz, o que se ri do que está a chorar, ou o que se doe con quen está triste e chora por algo?

Quen é máis feliz?. As benaventuranzas do evanxeo de hoxe son a resposta de Xesús.

LECTURA DA PROFECÍA DE XEREMÍAS

Así fala o Señor:

- Maldito o home que confía no home:
pon a súa forza na carne, e retira do Señor o seu corazón.
Será coma un cardo no ermo, non verá vir a fartura;
habitará nas pedras do deserto,
terra salobre e inhabitable.

Bendito o home que confía en Deus:
a súa esperanza é o Señor.
Será coma unha árbore transplantada xunto á auga,
que bota as súas raíces para o regueiro;
non notará cando veña a seca,
e a súa follaxe estará frondosa;
nos anos de seca non terá preocupacións,
pois non deixará de dar froito.

Palabra do Señor

🎵 *nº 50 Na tardiña baixa da vida* **SALMO**

(en pé) Lec I C páx 189 Lc 6, 17.20-26 EVANXEO

PROCLAMACIÓN DO SANTO EVANXEO SEGUNDO LUCAS

Daquela, baixando Xesús cos Doce, detívose nunha vagoada cun bo grupo de discípulos e numerosa xente de toda Xudea, de Xerusalén e da ribeira de Tiro e Sidón.

Xesús coa mirada posta nos seus discípulos dixo:
- Ditosos vós os pobres,
porque voso é o Reino de Deus.

Ditosos os que agora pasades fame,
porque Deus vos fartará.

Ditosos os que agora chorades,
porque riredes.

Ditosos vós, cando vos aborrezan os homes,
vos expulsen e vos aldraxen,
cando poñan nas listas negras o voso nome
por causa do Fillo do Home:
alegrádevos nese día, brincando de gozo,
porque grande será a vosa recompensa no ceo,
pois así mesmo foi como os pais deles lles fixeron aos profetas.

Pero, ¡ai de vós, os ricos,
porque xa acadastes a vosa satisfacción!

¡Ai de vós, os que agora estades fartos:
xa pasaredes fame!

¡Ai de vós, os que agora rides:
xa choraredes e xa laiaredes!

¡Ai, cando todos falen ben de vós:
o mesmo fixeron os seus pais cos falsos profetas!.

Palabra do Señor

(sentad@s) gardamos uns instantes de silencio para
acoller a palabra no corazón



Que nos propón esta Palabra que vimos de escoitar?
 Di Xesús: Felices os pobres
 Quen é máis feliz, o egoísta ou o que comparte o que ten?

Di Xesús: Felices os que choran
 Quen é máis feliz, o que se ri do que está a chorar, ou o que se doe con quen está triste e chora por algo?

Di Xesús: Felices os que na vida son xustos.
 Quen é máis feliz, o que na vida non lle importa tratar mal aos demais con tal de quitarlle proveito e pasalo ben, ou o que está disposto a ser xusto, a tratar aos demais coa dignidade, o respecto e a igualdade que se merecen?

Di Xesús: Felices os que sexan perseguidos por defender e dar a cara polo evanxeo
 Quen é máis feliz, o que se avergonza de ser crente e amigo de Xesús, ou o que non oculta dicir que é cristián e amigo de Cristo?

(en pé) **PROFESIÓN DA FE**
Celebrante: Profesar a fe convértenos en mensaxeiros do Evanxeo. Co noso feito de compartir aquí proclamamos que acreditamos no camiño das benaventuranzas que nos propón Xesús. Dicimos
♪ Creo, Señor, pero aumenta a miña fe

Monitor/a:

Credes en Deus, Pai e Nai,
 que nos creou á súa imaxe e semellanza e que nos di en Xesús “benaventurados os que saben amar?”
Creo, Señor, pero aumenta a miña fe

Credes en Xesús, o seu Fillo Benquerido,
 que nos propón o camiño das benaventuranzas para dende as nosas mans ser felices e facer felices aos demais?
Creo, Señor, pero aumenta a miña fe

Credes no Espírito Santo,
 que nos acompaña na vida e nos quere ver verdadeiramente felices e non eternamente amargados?
Creo, Señor, pero aumenta a miña fe

Credes na igrexa
 a comunidade de crentes que camiña enfortecida polo bo exemplo de tantos homes e mulleres que viviron e viven no estilo das benaventuranzas?
Creo, Señor, pero aumenta a miña fe

ORACIÓN UNIVERSAL

Celebrante: *Co bo exemplo das palabras e dos feitos de Xesús queremos ser felices e ditosos. Así, agradecidos, rezámosche hoxe Pai:*

BENAVENTURADOS SOMOS, SEÑOR

Monitor/a:

- ✓ Cada vez que colaboramos cos necesitados procurando que sexan ditosos, como fixemos cos veciños e veciñas que o perderon todo nas riadas de Valencia, oremos
- ✓ Cada vez que somos capaces de compartir con quen ten fame de pan e de vida, e axudamos a que sexan dignamente tratados, oremos
- ✓ Cada vez que nos achegamos e consolamos a quen chora e está triste, sendo capaces de sentir como propios os seus sufrimentos, oremos
- ✓ Cada vez que recoñecemos a valía dos refuxiados e desprezados inxustamente, pois non son nin máis nin menos ca nós, oremos
- ✓ Cada vez que nos escandalizamos ante os abusos, xa sexa na igrexa ou en calquera outro ámbito da sociedade, porque esiximos XUSTIZA, oremos

Celebrante: *Pai escoita as nosas pregarías, e énchenos do alento que levaba a Xesús a estar sempre á beira dos demais na procura do que verdadeiramente fai feliz. Ti que vives e reinas por sempre eternamente. Amén.*

3.- OS SIGNOS DA COMUNIÓN CON DEUS E COA COMUNIDADE

NOSO PAI

Celebrante: *Entremos no corazón do Deus que é Pai, deixémonos encher do seu amar cheo de tenrura, e con Xesús sintámonos ditosos e benaventurados. Así de confiados rezamos:*

NOSO PAI ...



SIGNO DA PAZ

Celebrante: *As nosas mans tendidas uns para os outros expresan a nosa vontade de seguir as pegadas de Xesús, demostrándoo cos feitos da nosa vida.*

Desexamos agora o mellor para os demais, queremos que se sintan ditosos e benaventurados. Somos felices facendo felices aos demais, somos benaventurados na man de paz que damos e na man de paz que recibimos. Fagámolo.

♪ nº 36 Fagamos a paz irmáns

COMUÑÓN

Celebrante: *Estamos convidados á vida de Xesús. Compartir esta celebración de hoxe é camiñar seguindo as pegadas de Xesús, o Mestre que nos chama a dar unha man para ser felices. Ditosos e benaventurados nós que hoxe somos convidados a compartir este pan do Señor.*

Señor, eu non son merecente de que entres no meu fogar, mais unha palabra túa abonda para me salvar

♪ n° 42 *Quen nos vai separar*
Ou n° 56 *Ide e pregoade a Nova de Deus*
Ou n° 49 *Benaventurados*

4.- AVISOS E DESPEDIDA

ORACIÓN FINAL

Celebrante:

Señor, ti animáchesnos coa túa Palabra e amosáchesnos o camiño que achega á felicidade.

Fai que nos axude a descubrir o gozo de sermos don teu para os demais.

Pedímoscho por Xesucristo, noso irmán e Señor, que vive e reina por sempre eternamente. Amén.

Chorar con quen chora, rir con quen ri, ser pobre cos pobres, sentir fame cos famentos, estar á beira dos que buscan refuxio: esas son as benaventuranzas que propón Xesús. Son palabras bonitas.

Hoxe a celebración ten que levarnos ao compromiso de dar un paso máis: non quedarnos nas palabras senón comprometernos a vivilo cada día como verdadeiros seguidores de Xesús. E ENTÓN SEREMOS FELICES e nós debemos ser felices.

Avísase das misas (ver folla do mes)

Que teñamos un bo día, unha boa semana, e o Señor nos bendiga, † nos garde de todo mal e nos leve ao seu fogar de vida eterna. Amén

XESÚS ENSINA A SER FELICES



Así nolo di nas benaventuranzas do evanxeo de hoxe

♪ n° 56 *Ide e pregoade*

Podémonos ir en paz. Amén